



PROTOCOLO DO COMPLEXO DEPORTIVO DA GRANXA ASÍ COMO DE USO DE USUARIOS E ADESTRAMENTOS EDC VERÍN - COVID-19

Debido á actual situación sanitaria e baseándonos nas recomendacións dos diversos estamentos deportivos e sanitarios. Deseñamos un protocolo baseándonos no da Real Federación Galega de Fútbol, coas normas e actuacións que teñen que teñen que cumprir todos os nosos equipos das Escolas para poder adestrar.

LUGAR DE ADESTRAMENTO

- Dispoñeremos dun lugar de adestramento único e de utilización exclusiva para os nosos diferentes equipos: As instalacións polideportivas do complexo deportivo a Granxa.

PROTOCOLO PARA USO INSTALACIÓNS COMPLEXO DEPORTIVO A GRANXA

- Toma de temperatura 37'5 a entrada das instalacións.
- Limpeza e desinfección de mans e calzado.
- Explicación do circuíto por onde ten que ir dependendo da actividade que vaia a realizar.
- Marcaranse carrís á entrada ben sinalizados para as distintas zonas da instalación. deportiva (campo de fútbol, pavillón e padel- tenis).
- Só poderán entrar usuarios da instalación así como deportistas federados.
- Non poderá entrar público.
- Rexistro de persoas que entran na instalación para ter un control de volume e aforo.
- Uso de vestiarios so para deixar e coller a mochila e cambiar as botas(@s nen@s deben de vir cambiados da casa) entrando vos mesmos en grupos reducidos(@s nen@s deberán vir cambiados da casa).
- Limpeza e desinfección antes e despois de cada adestramento.
- Desinfección do material da instalación ou acabar cada adestro .

- Sinalizar zona par mochilas e chaquetas.
- Uso de máscara obrigatoria, deportistas, usuarios e persoal instalación.
- Haberá dous carrís un para a entrada e outro para a saída sen aglomeracións nin mesturándose vos que saen e entran.

MEDIDAS XERAIS DE ACTUACIÓN

1 – Permitirase só a entrada a futbolistas e corpo técnico dos equipos que vaian adestrar e a directivos e usuarios doutras disciplinas deportivas ou traballadores do Club que asistan para vixiar e controlar o cumprimento deste protocolo. De feito, por cada grupo de adestramento ou equipo, haberá unha persoa responsable de vixiar que as medidas aquí expostas cumpriñan.

2 - Na instalación non poderá entrar un grupo de adestramento, mentres non se foi o anterior. Como mínimo, entre a saída dun grupo e a entrada do seguinte deberán pasar 15 minutos. Nese espazo de tempo, o material de uso común, como poden ser balóns, valos, porterías, conos,... serán adecuadamente desinfectados

3 – Será obrigatoria a medición da temperatura antes de entrar ao recinto de adestramento. Se a temperatura é superior a 37,5° non se permitirá a súa entrada.

4 – A chegada e saída de futbolistas e demais persoas autorizadas a asistir ao adestramento farase de forma ordenada e puntual, evitando aglomeracións, con máscara posta en todo momento e gardando as distancias de seguridade.

5 – Na entrada situarase un posto de desinfección que será de uso obrigatorio para acceder ao recinto. Do calzado mediante unha alfombra húmida e das mans mediante unha solución hidroalcohólica.

6 – A máscara deberá levar posta en todo momento. Só poderanlla sacar os xogadores mentres estean a realizar o adestramento.

7 – Permitirase só o acceso ao recinto deportivo co material imprescindible que garanta unha correcta e adecuada hixiene persoal e sobre todo individualizada. Como exemplo poden servir a toalla individual e a botella de auga tamén individual. Nunca estes obxectos nin calquera outro similar poderán ser compartidos.

8 – Os vestiarios non serán utilizados. O aseo persoal farao cada un na súa propia casa.

MEDIDAS ADOPTADAS NO ADESTRAMENTO

1 – Ao terreo de xogo non se poderá acceder co calzado que se traia da rúa. Este deberá meterse nunha bolsa e calzarse as botas de fútbol antes de acceder ao mesmo .

2 – Cada xogador e cada técnico deberá levar de casa a súa botella de auga, a súa roupa de adestramento, o seu peto, a súa toalla... Todos estes obxectos e outros das mesmas características serán de uso exclusivamente persoal.

3 – Os xogadores mentres adestran serán os únicos autorizados a quitarse a máscara. Os técnicos ou outras persoas autorizadas a estar no recinto sempre deberán levala posta, mesmo durante o adestramento

4 – Tras a sesión de adestramento todas as persoas que estiveron no mesmo, deberán desinfectarse as mans e os xogadores volverán poñerse as máscaras.

. 5 – Como xa se especificou, ao finalizar unha sesión de adestramento e antes de que entre outro grupo para desenvolver outra, o material e as zonas de uso común serán convenientemente desinfectadas.

6 – Os adestramentos faranse en grupos reducidos e uniformes de tal maneira que non exista intercambio de elementos, para poder ter en todo momento maior control #ante calquera situación de risco.

SÍNTOMAS E ACTUACIÓNS POR RISCO

1 – Queda terminantemente prohibido asistir a unha sesión de adestramento a calquera persoa que teña calquera síntoma compatible ca Covid-19. Deberá gardar unha corentena de 15 días ou descartar mediante as probas oportunas que padece a Covid19, para poder asistir de novo aos adestramentos.

2 – Tampouco deberá asistir aos adestramentos quen teña na súa familia ou círculo de convivencia a algunha persoa que padeza a enfermidade ou que teña síntomas da mesma. Tamén deberá gardar unha corentena de 15 días ou descartar mediante as probas oportunas que padece a Covid-19, para poder asistir de novo aos adestramentos.

3 – Se os síntomas aparécenlle a algunha persoa dentro do recinto deportivo, illaráselle urxentemente e evitarase o contacto co resto do grupo. A zona onde se producise o illamento inhabilitarase ata que se proceda á súa desinfección.

4 – Todos os futbolistas e técnicos que participen nos adestramentos deberán ter asinadas a oportuna licenza e a maiores a declaración de responsabilidade da RFGF, mostrando o seu compromiso e aceptación das medidas de prevención estipuladas.

5 – Igualmente, fóra do ámbito dos adestramentos, deberanse comprometer a tomar coa máxima dilixencia e esixencia as medidas preventivas adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento.